


FAS CURTAS OUFF



Concurso de curtametraxes do OUFF para produtores e directores novos menores de 30 anos e produtoras de nova creación.

- » O OUFF no seu interese por potenciar o novo talento e a creación de relatos cinematográficos crea unha nova sección ao abeiro do festival: FAS CURTAS OUFF
- » En FAS CURTAS OUFF teñen cabida aquelas producións feitas en escolas, institutos, facultades audiovisuais e tamén produtoras novas ou de nova creación, que están a comezar a dar os seus primeiros pasos na creación cinematográfica.
- » Unha sección adicada aos produtores e directores novos, que teñan **máis de 18 e menos de 30 anos**, e sexan as súas primeiras obras cinematográficas.
- » As obras deberán estar producidas despois de xaneiro de 2023.
- » As curtametraxes terán unha **duración máxima de 25 minutos**, incluídos créditos.
- » As curtametraxes poderán ser de calquera xénero cinematográfico, pero sempre serán de ficción. Non se aceptarán obras de non-ficción ou documental.
- » As obras poderán ser en galego ou castelán. No caso de ser en outro idioma deberán estar subtítuladas.
- » As curtametraxes interesadas en participar na selección deberán enviar un link para o visionado da obra, así coma a ficha técnica e datos de contacto do produtor ou persoa responsable, á dirección de correo: fascurtasouff@gmail.com
- » A data de envío de obras finaliza o **15 de setembro ás 20h**. A organización do OUFF notificará aquelas obras seleccionadas que pasan a concurso.
- » As obras que non presenten unha calidade mínima para o seu visionado serán excluídas do proceso selectivo.
- » A organización contactará cos produtores das curtametraxes seleccionadas que deberán enviar unha copia da curtametraxe, a ficha técnica e de inscrición cuberta e o material promocional necesario, cartel e trailer.
- » O formato de presentación e envío das curtas seleccionadas será: resolución HD 1080 25p, codec h264, formato .mp4 ou .mov
- » As obras seleccionadas serán exhibidas públicamente durante os días de celebración do festival nas datas, horas e lugar que a organización designe. Se notificará aos seleccionados o día de pase da obra, coa finalidade de que os autores podan asistir ao coloquio posterior ao seu visionado.
- » Os produtores das curtametraxes seleccionadas terán a obriga de colaborar coa organización do concurso para facilitar a exhibición das obras.
- » De entre as obras seleccionadas un xurado profesional relacionado co audiovisual galego decidirá as curtas gañadoras dos tres premios da 1ª edición do concurso FAS CURTAS OUFF.
- » Os premios serán: **1º premio** dotado con **1700€** e diploma, **2º premio** dotado con **1200€** e diploma. Haberá un **3º premio** de **600€** e diploma para a mellor curtametraxe realizada polo alumnado dun centro de formación.
- » Os premios serán entregados na Gala Final do OUFF 2024.
- » As curtametraxes premiadas e seleccionadas deberán publicar nos seus materiais promocionais o premio ou selección acadados neste concurso.
- » Todas as curtametraxes deberán contar coa cesión de dereitos de autor, de imaxe e de propiedade intelectual da obra audiovisual.
- » Os participantes eximen á organización do Ourense Film Festival de calquera responsabilidade de plaxio ou transgresión da lexislación vixente na que puidese incurrir algunha das curtametraxes.